

MEMORIA EXPLICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2026, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO "PROGRAMA DE APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA".

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 27.23 atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14. 1. b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e, a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

Trátase dun recurso de apoio aos procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia, mediante o cal se facilita o adecuado desenvolvemento do menor acollido, mediante a formación, orientación, asesoramento e apoio especializado ás familias e aos propios menores, para o cal se ofrecerán outros servizos complementarios, que permiten especializar e focalizar a intervención nas necesidades do menor, os seus proxenitores e a súa familia acolledora. Por outra banda, Aldeas Infantiles SOS de Galicia achega o valor engadido de cofinanciar o desenvolvemento do programa con fondos propios.

A Consellería de Política Social e Igualdade considera de especial importancia favorecer financeiramente a programas como o que se describe, que ven sendo executado desde fai anos por Aldeas Infantiles SOS de Galicia na provincia de Pontevedra e que posteriormente se estendeu ao resto da Comunidade Autónoma durante o ano 2014, mediante a formalización dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, todo iso cara ao interese superior do menor e a súa familia tanto biolóxica como extensa.

Por outra banda, Aldeas Infantiles SOS de Galicia é a única entidade a nivel autonómico que ofrece un proxecto que promocioe e preste apoio ao acollemento en familia extensa, ademais achega o valor engadido de contribuír ao financiamento do desenvolvemento do programa con fondos propios e/ou de subvencións recibidas por esta, o que permite a súa



realización en condicións económicas máis vantaxosas.

Considérase polo tanto idónea a Aldeas Infantiles SOS de Galicia para a execución e implantación do seu programa "APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA" pola súa experiencia no ámbito da atención aos menores e as súas familias a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o desenvolvemento integral dos menores acollidos ao sistema de protección.

O convenio de colaboración como fórmula negocial é a solución máis apropiada para articular as relacións de ambas as dúas partes na procura do interese público e ao amparo do disposto no artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que dispón que "por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, o ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública".

Pola súa banda o artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse, con carácter excepcional e de forma directa, entre outras, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, concorrendo as expresadas circunstancias no presente convenio.

O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia, estará vixente desde a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2026.

A Consellería de Política Social e Igualdade financiará a Aldeas Infantiles SOS de Galicia para a execución deste convenio 198.353,44 €. Dito importe vén reflectido na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, aplicación orzamentaria 08.02.312B.481.0 e proxecto 2016 00174 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

Aldeas Infantiles SOS de Galicia comprométese a achegar a cantidade de 306.682,20 € procedentes de fondos propios da entidade e/ou de subvencións recibidas por esta.

O número de casos previstos a atender coa aplicación deste convenio será de 150 casos.

A sinatura deste convenio require de autorización previa do Consello da Xunta.

Por todo o exposto, téndose fiscalizado unha retención de crédito polo indicado importe solicítanse informes previos da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma sobre se o texto do convenio de colaboración se axusta á normativa vixente.



Santiago de Compostela, (na data da sinatura dixital)

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

